

## **OS SOCIALISTAS REIVINDICAN EN PALAS DE REI O MUNICIPALISMO E A VOLTA AO SENTIDO COMÚN NA XESTIÓN MUNICIPAL QUE DEGRADOU O PP**

**González Santín e José Blanco arrouparon ao candidato á alcaldía –Horacio Rouco- convencidos de que “na terra dos pazos da Ulloa, xa non é tempo dos señoritos que viven da renda e do traballo da xente que mancha as mans coa terra, é tempo do Partido Socialista”**

**Amósanse convencidos de que “o cambio é posible” neste municipio, pois “temos un gran programa electoral e un gran proxecto que non deixará na cuneta aos veciños como fixo esta dereita”. “Chegou a hora de recuperar o poder lexítimo da política, o poder da xente fronte aos poderes escuros do capital”, destacou o secretario Provincial**

**Blanco censurou que “o PP pasou os 4 anos de lexislatura atacando aos concellos, asfixiándoos economicamente, recortando servizos sociais e recortando poder municipal”. Para o eurodeputado, “o ataque do PP á administración máis cercana aos cidadáns é a mellor mostra da súa lonxanía coas necesidades da xente de a pé”**

**Horacio Rouco comprometeuse publicamente, diante dos cidadáns, a crear novos postos de traballo, a potenciar o sector agrogandeiro cunha oficina municipal de asesoramento e a estar ao carón das persoas con máis dificultades, ofrecéndolles máis políticas sociais “sólidas e eficaces”**

**Palas de Rei, 8 de maio de 2015.-** O secretario Provincial –Juan Carlos González Santín- e o eurodeputado –José Blanco-, xunto ao candidato á alcaldía de Palas de Rei –Horacio Rouco- reivindicaron no municipio da Ulloa a necesidade de votar ao Partido Socialista nas eleccións do 24 de maio porque, tal e como indicou González Santín, “somos o partido do municipalismo e sabemos que a igualdade de oportunidades nace do local, nace dos concellos, dende o máis grande ao máis pequeno, porque, nestes momentos, o que se precisa é sentido común na xestión da política municipal; ese sentido común que o PP se encargou de ir degradando alá onde ten responsabilidades”.

“Como podemos ver en Palas de Rei, os nosos candidatos están en condicións de gañar, primeiro, polas persoas e, segundo, porque somos os únicos que podemos mellorar a súa calidade de vida”. E é que, “o desterro ao que nos levou o PP non é unha consecuencia casual da crise, senón un modelo calculado polos seus actores”. Boa mostra delo, apuntou Santín, é que “una de cada catro persoas que queren traballar está no paro; un de cada tres desempregados non cobra prestación algunha e un de cada dous mozos non ten traballo”. Por iso, “só o PSOE pode refacer esta ponte rota”, engadiu.

“O noso reto está en cambiar o que se deber cambiar e en protexer o que debe ser protexido. Os socialistas sabemos facelo porque gobernamos para a maioría e con traballo. Ser é facer. Fixémolo e volveremos a facelo”. Proba delo é que, en Palas de Rei, “temos un gran programa electoral e un gran proxecto que non deixará na cuneta como fixo esta dereita. Chegou a hora de dicir vasta. Chegou a hora de recuperar o poder lexítimo da



política, o poder da xente fronte aos poderes escuros dos capital. Na terra dos pazos da Ulloa, xa non é tempo dos señoritos que viven da renda e do traballo da xente que mancha as mans coa terra, é tempo do Partido Socialista”, destacou.

#### **“4 anos atacando aos concellos”**

Na súa intervención, José Blanco censurou que “o PP pasou os catro anos de legislatura atacando aos concellos, asfixiándoos economicamente, recortando servizos sociais e recortando poder municipal”. Para o eurodeputado, “o ataque perpetrado á administración máis cercana aos cidadáns é a mellor mostra da súa lonxanía coas necesidades da xente de a pé”.

Asimesmo, incidiu en que as dúas veces que o PP gobernou en España “deixou herdanzas insoportables”. A primeira con Aznar, na que deixou en herdanza unha burbulla inmobiliaria que destrou o noso tecido productivo. E, a segunda, con Rajoy, co maior ataque ao estado do benestar e o maior crecemento da desigualdade. Por iso, sinalou que “cada vez que goberna o PP, perde España: perde a súa economía, perden os servizos públicos, perde a igualdade. En suma, perde a cidadanía”.

Blanco cuestionou que Rajoy diga sentirse orgulloso do PP e da súa xestión, “que é tanto como dicir que se sente orgulloso de ter empeorado todo, pois con el hai 700.000 postos de traballo menos, deixou sen cobertura de paro a 2 millóns de persoas, subiu todos os impostos, despedíronse 22.000 médicos e 20.000 mestres e non parou de golpear os pensionistas, recortando a lei da dependencia, as pensións e facéndolles pagar as medicinas”. Por iso, chamou ao cambio, para posibilitar desde os concellos que o cambio tamén chegue ao conxunto de España nas vindeiras eleccións xerais.

#### **Consecuencias das políticas do PP en Palas**

“Perdéronse varios ciclos de FP; hoxe pagamos máis ca nunca polo IBI; os accesos a moitas aldeas e parroquias non son estradas, senón corredeiras; os gandeiros están desprotexidos polo abandono das distintas administracións do PP; temos menos médicos e, por riba, a imaxe do concello está totalmente deteriorada debido a que o actual goberno só fai estar metido en pleitos; pleitos que, por certo, pagamos todos”, apuntou Rouco, quen se comprometeu publicamente, diante dos seus veciños e veciñas, a crear novos postos de traballo e a estar ao carón dos veciños con máis dificultades, ofrecéndolles máis políticas sociais “sólidas e eficaces”.

“A creación de postos de traballo, a proximidade, a transparencia e a participación son os sinais de identidade dunhas propostas programáticas coas que os socialistas concorreremos a uns comicios vitais para garantir o benestar e o progreso dos nosos veciños”, sinala. E é que “a xestión municipal require da máxima proximidade cos nosos veciños e veciñas para detectar as súas necesidades máis directas e para responder a elas con inmediatez”, afirmou.

Neste senso, como principais compromisos programáticos, o alcaldable destacou a creación de emprego con políticas que permitan o asentamento de empresas no municipio, así como a baixada do IBI, a creación dunha oficina municipal gandeira que dea asesoramento ao sector e unha achega de 150 euros para material escolar por cada alumno escolarizado no municipio, ademais “dun plan de captación de talento xuvenil, ou sexa, pagarémoslle a matrícula universitaria aos dez mellores expedientes”, matizou.



Horacio Rouco lidera así, unha candidatura constituída por un equipo novo e renovado, e que conta, ademais, cunha ampla representación de colectivos sociais e veciñais da localidade.

